

ALFREDO NAN
DE ALLARIZ

N. 477



FUME DE PALLA

**REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA**

215


Biblioteca

A la Real Academia Gallega,
dedica este ejemplar el más humil-
de de sus miembros y secretario fun-
dador de la "Asociación iniciadora y
protectora" de la Cabana

O. Man de Allariz
Coruña / 909


FUME DE PALLA







Alfredo Nan de Allariz



Fume de Palla

COLECCIÓN DE

VERSOS GALLEGOS

DE

Alfredo Nan de Allariz



SEGUNDA EDICIÓN



LA CORUÑA

IMPRESA Y FOTOGRAFADO DE FERRER


CALLE REAL, NÚMERO 61

—
1909

E' PROPIEDAD DO AUTOR

Queda feito o depósito que marca a Ley


FUME DE PALLA




Adicación

A' memoria do noso inmortal poeta

Manuel Curros Enríquez





*
* * *

CURROS ENRIQUEZ, gladiador d' a intelixencia, poeta d' as fondas tristuras, subprime cantor d' as ansias d' un pobo opreso, propagandista ardoroso de ideas rexeneradoras, defensor d' os que «teñen fame e sede de xusticia», d' os «probes d' espirtu» que xemen n' unha odiosa escravitude; que pol-o que sofriche e pol-o que insinache ben merecente eres do diutado de CRISTO GALLEGO, pois, coma o Mártir do Gólgota, non che faltaron fari-seos que ch' impuxeran un Calvario d' amargura, e coma il, tamén, deixaches á teu pobo un mundo de redentoras doutrinas que han dar c' o tempo seu froito salvador:

Perdoa qu' iste humilde aspirante á poeta, —
• máis fervoroso d' os teus incondicionabres ade-

*miradores, pra quén tiveche frases d' alento, consellos de mestre, e agarimos amizosos que n' es-
quencerá n' a vida,—adique á tua groriosa memo-
ria iste cativo enxendro do seu mezquiño inteleuto.*

*O teu nome venerado tiña d' aparecer pé d' un
PRÓLOGO que dise valor á iste libriño; á morte
insaciabre, henchéndonos de door, arreatoute trei-
dora d' a nosa beira, antes de que poideses cum-
prir á xa feita promesa, pro, o teu nome inmortal
non podía deixar de aparecer ó frente d' estas
murchas folliñas.*

*Perdoa iste estrevemento á quén gardará eterna
e profunda veneración á tua sagrada memoria;
á quen acocha no seu peito unha sola ambición,
que somentes cubiza unha cousa que, disgraciada-
mente, non ha conseguir encamais ver satisfeita.
Saberte imitar.*

A. Nan de Allariz.



FUME DE PALLA

Collede n'as maus un fachuco de palla, prendédelle lume c'un misto, e veredes como lixa o craro espacio un fume escuro, espeso, que vos obriga á estendel-os brazos e á volver-a cara pra librarvos dos seus efeutos abafantes; pro tende coidado, pois, anque n-a palla acesa caxeque todo é fume, tamén á-s veces chegan ó rosto y-as maus algunhas muxicas que queiman coma fortes picadelas de alfinete.

Pois iste probe libriño é-vos unha cousa somellante.

Figurádevos que eiquí á *palla*, é á imaxinación do autor; os motivos que á poñen en mo-

vimento, son o misto que prende fogo n'a *palla*, y-os versíños que así van saíndo, son o *fume* que lixa o craro espacio d'estas folliñas de papel.

Eso somentes son os meus versos. *Fume de palla*, fume escuro, fume espeso, fume abafante, do que fuxen á-s veces algunhas *muxicas* que poden queimar, coma picadelas de alfinete, n'o espirtu d'algús d'os que os leyan.

Pro, com'á humanidade é ruin de condición, e caxeque sempre á disgracia allea sirvenos de consolo n'as nosas coitas, consolarse poden os leutores que se sintan queimados pol-as *muxicas* d'iste *fume de palla*, pois, dianteiros do que á eles, xa todo o *fogo do fachuco* me abrasou á min á y-alma.

*
* *

Algús d'os que presonalmente me conecen, —*sin me conecer*,—hanse botar á rir cando vexan o *esceuticismo* que encerran moitos d'istes meus sinxelos versíños, e pensarán que non pode sentir tales cousas quen leva de cote o sorriso n'os beizos cal si fose un home felís. Pol-o mesmo digo que, os que tal pensen, cóñecenme. . *sin me conecer*. Non adiviñan, non, que ise apoucadiño sorriso, ise surriso forzado,

de compracencia, que teño par'as xentes, é á carantoña baixo d'a cal escondo as negras tristuras con que os disinganos me magoaron o curazón; non se decatan de que os ollos son, cáxeque sempre, un refrexo da y-alma, e que no meu ollar apagado refréxase unha y-alma murcha, alma que roda pol-o xelado mar d'a infelicidade, coma rodan pol-o chan as secas-folliñas que van caíndo d'os árbores.

A moitos d'os que esto leyan, chocaralles—de fixo—tal modo de falar, e motexaranme de tolo ou de argallante; pro, algús hai,—unque sexan poucos,—que *comprenderán* á tristeira verdade que as miñas palabras encerran. Non ha ser todo finximento n'a vida. Algunha vez se ha de abril-o peito e falar co'a y-alma n'os beizos.

Cada vida é un xeroulifo; cada home é un misterio. Moitos calan e sofren xordamente as suas mágoas por non dar que rir á-s xentes; outros can n'a simplicidade de contal-as pra que lles fagan xeta d'elas. Media humanidade rise d'a outra media; pro, á quén máis á quen menos, chégalle tamén, tarde ou cedo, á sua hora de bágoas.

¿Escenticismo, decides? Non; son as insinanzas que fun recolleitando do mundo, d'iste mundo chafalleiro, porcallón, composto de apa-

rencias, de falsías, de fuciós; que canto máis nos aciduma á eisistenza mais apegó parez que lle temos.

N'un mundo de tal natureza solo pode ser felís quén acerta á poñel-o por monteira e toma á vida en groma.

O máis grande infertunio que pesa sobr' a humanidade, á fonte de todol-os males que á afrixen é... ¡o curazón!

¡Ay! si os humanos nacésemos sin curazón... ¡qué felices seríamos!

* * *

—“¡Bah! ¡Cousas de poeta!—diredes—. Os poetas esquirben o que lles vén en gana; son com'ós paxariños, que cantan o que lles peta.”

E diredes bén... ó parecer.

Si por ventura ides pol-o campo, y-escoitades os garulos d'un paxariño que vos recreia os ouvidos co seu melosiño trinar, escramades: —¡Como canta!—mais non sodes homes pra cavilar que aquíl probe paxariño, n'os seus trinos,—pra vós cheos de armunías, sin que distingades si son ledos ou tristeiros,—e na sua linguaxe,—que á vosa escasa sabencia n'acerta á comprender,—non canta os feitizos d'a prácida e frorida veiga por onde revoa, nin os en-

cantos do arrulador regueiro que pasa mainiño serpeando pé do seixo en que se pousa, sinon que chora sin trégolas o seu desfeito niño, desfeito en malhora pol-a mau d'un rapaz trasgo que lle arrebatou — cruel — á cría, os filliños adourados, seres do seu ser, pol-os que xeme sin consolo.

Pois ehi tendes o que son cáxeque todos os meus probes versos: *píos doentes* d'un *paxariño* infertunado á quén lle desfixeron o niño, arredando-o d'os seus seres idolatrados, d'os anacos da sua y-alma; salayos tristeiros que fuxen d'un peito horfo d'afentos, que chora viudeces de mortas ilusiós, traizoados cariños, falsas amizades, aspiraciós ardentes non cumpridas...

*
* * *

Estou solo, entr'as catro paredes do meu cuarto; n'unha aterradora soledade de corpo e d'espirtu; son altas horas d'a noite; os recordos, coma furioso exército que asalta unha trincheira, invaden o pensamento; o curazón láyase, á pruma escribe... y-escribe o que tal vez debería calar...

Coma non teño xente didiante non podo poñerme á carantoña do surriso, da fiución, com'ó pallazo que sai â praza co'a cara enfari-

ñada á facer rir ó púbrico con forzadas xetas, aunque—¡cántas veces! —as dōres d'unha inmensa disgracia ll'estrozan á y-alma. Pro, cando s'atopa á solas c'os seus martirizantes recordos, sinte que todo o peso da súa desventura lle esmaga o curazón, e chora; chora bágoas ardentes que lle abrasan os ollos, que lle abrasan o peito...

*
* *

¡Abonda! ¡abonda!...

Ehi tendes, leutores, iste fachuquiño de *palla*; de *fume* escuro, *fume* espeso, *fume* abafante... Versiños sinxelos, feitos sin arte, faltos de ispiración, horfos de galanura... Versiños que foron saíndo ó impulso d'un recordo, d'un desexo, d'unha aspiración, d'un caso visto, d'un pensamento. Algús, (os menos) d'unha ledicia; outros (os máis) d'un desingano, d'unha dór...

Unhos que falan de amor d'a patria, outros de amor de nai; (os únicos amores verdadeiros que eisen, os que non traizóan;) algús que falan d'inxusticias do mundo, outros... de cousas d'a vida... Pro, todos sinceiros, todos sentidos, todos refrexan un estado do espirtu...

(Fagamos unha salvedade. “Non hai regra sin esceución”, y-aquí non podía deixar de habel-a. Cúmpreme, pois, decrarar que algúns versos d’os que figuran n’iste libriño son, simplemente... xenialidades de poeta.)


Unhos naceron n’a terra adourada, n’a terra feiticeira d’a *chamada* pequena patria, d’a GRAN PATRIA GALLEGA; outros surxiron n’as soedades d’a emigración, n’a—para nós—agari-mosa América, en Buenos Aires, n’o Brasil, en Cuba...; pé de honrados patriotas gallegos, de ardorosos patriotas gallegos...


¡Ehi tendes, leutores, ehi tendes os primeiros píos, os cativos píos,—ledos ou tristes-ros,—d’un probe paxariño!...

O Autor

Ovunña, Xaneiro de 1909.







O SONO DO EMIGRADO

(A meu antigo amigo D. Manuel
Castro López, director do *Eco de
Galicia* de Buenos Aires, onde pu-
briquei estes versíños que foron os
primeiros que escribín.)

Pensando n-a fertuna
que soña o emigrado
un día... ¡mali' á sorte!
pr' América embarquei,
y-ó ver zarpal-o buque
chorei, si, ¡malpocado!
pasaron vinte días,
y-â América cheguei.

Fai d'esto moitos anos,
mais, á fortuna aquela
con qu'eu soñei un día,
non vexo aparecer,
pois entran eiquí uns poucos,
é certo, con boa estrela,
pro, os mais can *estrelados*...
je non ll'hai que facer!


Si algún (d-os da boa estrela),
logrou en poucos anos
topar o maldecido
metal de Belcebú,
eu so atopei tristuras
e croeles desinganos
que, á mais d-a dulce calma,
roubaronm'á salú.

Y-ó verme así tan lonxe,
soliño, abandonado,
sin ter un alma amiga
qu'eiquí coide de min,
non soño co'a fortuna,
non quer'o ouro soñado,
só soño c-o retorno
â terra onde nacin.

Alí terei ó menos
ó fin da miña vida
quén un amante bico
me poida ó morrer dar,
terei alí unha foxa,
n-a terra tan querida
en donde o sono eterno
eu poida descansar.

Buenos Aires, 1897.





¿QUÉ FOY DO POETA?

(HORAS DESPOIS D' A MORTE DE CURROS)

—¿Qué foi do poeta?

—Do mundo escapouse;

pr' os ceos direito
tangiéronno as dores,
pois tanto magoaron
seu corazón nobre;
n' aquela alma tenra
dirontantos golpes;
tanta ingratidade
recibí de cote,

tanta fel lle deron
á beber ó probe,
que caíu rendido
n'os brazos da morte
y-hastr' os ceos nimbado de gloria
para sempre o poeta elevouse.

—¿Qué foi do poeta?

—Do mundo escapouse;

xelado está o corpo
c'o xelo d'a morte,
un corpo de terra
que â terra se volve,
pro, volve â terriña
que tanto íl cantoulle,
â terra bendita
d'os nosos amores,
â terra que vida
lle dera, e que hoxe,
cal nai amorosa,
henchida de dores,
o corpo do fillo

recrama e recolle,
pois si foi o seu berze n'a vida
quere ser o seu berze n'a morte.


—¿Qué foi do poeta?
—Do mundo escapouse;
aquil gran talento
que combatíu forte
os males e vicios
que a Galicia tollén,
que loitou sin trégolas,
—sempre o ben por norte—
contr' os que â-s concencias
viles grillons poñén
aterrando â-s xentes
co' a ira dos Dioses,
contr' os zumezugas
do sangue d' os probes,
contr' os que d' a patria
son o fero azoute,
—lobos carniceiros
con figura de homes,—

¡ay! aquil gran inxenio estingufuse!
¡ay! aquela gran luz apagouse!

—¿Qué foi do poeta?
—Do mundo escapouse;
vencido n-a loita
caíu pol-as dores.
Sucumbíu o corpo
y-o espirtu elevouse
a gozar dozuras
de vidas milliores.
¡Morreu! Xa n' o seo
de Dios está o probe!
¡Morrer! ¿Mais qué digo?
¿Cicais morrer pode
quén vive n' a y-alma
d' un pobo que é nobre?
¿quén do sol d' a groria
goza os respradores?
¿quén vive n' as obras
que ó mundo legoulle?
Morreu a materia,

pro non o seu nome.
¡Non chores, Galicia,
Galicia, non chores,
pois namentres se fale gallego
teu poeta, Galicia, non morre!

Habana, 7-3-908.



O APAGADOR


(A MEU BON AMIGO LUIS QUESADA Y CID)

¿Non t'acordas? Os dous n' a eigresia entramos;
de seis velas co' a luz o altar locía,
saí un crego d' a escura sancristía
que ó sancristán lle dice:—¡Apaga, vamos!

O apagador colleo, (noxenta lata
que hai n' a ponta de longa canivela)
y-o chupacirios co' íl, vela tras vela,
presto, d' as que hai acesas, á luz mata.

Viuse en tréboas envolta a eigresia pronto,
fría, sola, os espirtus oprimindo;
diante nós pasa o crego, vai surrindo,
mentras eu, indinado, en ira monto.

Y-entón berrei:—¡Apagador traidor!
¡enemigo d' a luz! ¡lata diabólica!
¡Eres imaxen fiel d' a *Fe católica*
que é d' a luz d' a RAZÓN o apagador!



N-A DOUTRINA

Un rapás aló en Beade
estábase eisaminando
de doutrina, e contestando
iba moi mal ô abade,
quén, furioso d-a torpeza
conque o rapás respondía,
hastr' á pacencia perdía
ó ver tan dura cabeza.

—A ver,—dixo—¿cántos son
os sintidos corporales?


—Pois... son-lle... xustos... cabales...
son-lle seis.—¡Cala, melón,
que hastra ouvirte me sulfura!
¿en qu' escola os aprendiche,

ou en que cartilla liche
que eran seis, dí, testa dura?
Solo son cinco; é o primeiro
ver c'os ollos.—Está ben.
—Segundo cheirar...—¿A quen?
—Co'as narices, gran larpeiro;
terceiro, ouvir c'os ouvidos,
coarto co'a boca gustar
y-o quinto co'as maus tocar;
ehí tel-os cinco sentidos.
—Destoncias, señor abade,
perdóe, mais... teño eu razón
e son-lle seis.—¿Cáles son?
¡Voto ó demo!—Non s' enfade,
pero antr'esos faltall' un
que se ll'esquence á vosté.
—Que falta un! ¿é coal ê?
—Pois... ó sintido común!

MÁGOAS

Non me pergundes, naiciña,
á causa d'os meus pesares;
d'as miñas mágoas a causa
soilo unha muller ll'as sabe.

A unha muller desleigada
dinll'o curazón y-a vida,
dend'enton vivo morrendo
co'a y-alma feita cachizas.



N' A VENTANA

(A meu amigo JOSÉ ADRIÓ)

Agarradiños d' as maus
xuntos ô pé d' a ventana,
Marica, garrida moza
e mail-o Xan de Santallas,
moi espirriquitadiños
d' este xeito conversaban.

—¿Quéresme moito, Marica?

—¿E tí á mín?—¡Con tod' á y-alma

—¿E verdade? ¿non me mentes?

—Non; afellas.—¿Non m' enganas?

—Así Dios me deixe cego
si' che minto.—¡Cala, cala,
porque n'os teus ollos quero
de cote estar retratada.

—Tí si que me porás tolo
co' ises teus que se me cravan
no fondo do curazón.

—Argallante.—Certo... vaya,
dam' un bico.—¡*Vade retro!*

¡Céibame, que berro!—¡Cala!

—Póidennos ver.—N' hai coidado,
ninguén pol-a rua pasa
y-este curruncho está escuro
anque á lua loce crara;
tua nai estará durmindo
e de fixo eiquí non baixa.

¿Déixasme entrar?—¡Atrás, demo!

—Non teñas tan mala entraña;
ólla que teño unha cousa
que che decir.—¿Sís, pois fala.

—Eche cousa de secreto.

—Xa t'entendo ¡estás bo maula!

¡Céibame, non me fuchiques!

—Olla ises feixes de palla
que hai â porta do cortello,
paresce que hastra nos chaman
pra que nos sentemos n' eles
á... conversar con mais calma.
¿quêres que pase?—¡Que teimal
—¿Paso ou non?—Está ben, pasa;
¡erel-o diaño meu Xan!
—Tí si qu' eres unha *diaña*
que me tentat-concencia
e me tés roubado a y-alma.
¿Dásm' o bico?—¡Non te pares,
anda, date présa, salta!
—Vou alá, pro... ¿dásm' o bico?
—¡Toma!—¡Veñal—¿Si? pois vaya;
cando á xente está que arde
hai qu'acodir á apagala;
(dixo á nai, botando enriba
d' os noivos un balde d' auga
y-aparecendo de súbito)
¿non contábades c' o garda?
eu son á patroa d' a viña,
á froita está sazónada

e para que non m' a rouben
teño â forza que gardala.


Ti, Mariquiña, and' énriba,
e tñ Xan, camiñ' â cama,
qu' é moi tarde, son-chas dez,
á dormir, que che fai falta;
(e sin falar mais, pechou-lle
n' as narices á ventana).

AREÍÑAS

O Amor é un neno tolo
moi mal criado,
e hai que ter moito tino
para gardalo.
Pois moitas veces,
ó negarlle un capricho
fuxe pra sempre.

*
* *

—Quixera casar, pro un home
con quen maridar n'atopo.
—Non perdas, nena, as espranzas
que parvos inda hai d'abondo.



¡TOCA Á REBATO!

— —

A EDUARDO PONDAL

(Poesía escrita pr' á velada en homenaxe do grorioso autor
d' *A Campaña d' Anllons*, organizada n' a Cruña.)

*
* *

¡Saude! vello patricio
¡Saude! grorioso bardo,
hoxe que á rendirlle chegan
á teu numen soberano
o homenaxe de respeito
que che deben os galaicos,
vello patricio,
vello adourado,
rey dos poetas,
céltico bardo,

deixa qu' iste probe *neno*,—
cheo de ardente entusiasmo,—
bique á tua frente engurrada
onde o xenio está aniñado,
e á Dios lle rogue
con fervor santo
que che dí vida
por longos anos
pra ben d' a patria que, esmorecida,
á morte certa vai camiñando.

*
* *

Tí que *A Campana d' Anllons* creache,
rey dos poetas,
céltico bardo,
¡chegou á hora, toca *campana*!
¡toca velliño!
¡toca á rebato!...

*
* *

De patricidas famentas feras
os lares nosos están inzados,
que o pobo, inerme,
van devorando,

e montesía facer aixiña
pra ser libertos é necesario.

Vello grorioso,
vello adourado,
rey d'os poetas,
céltico bardo,
¡toca á *campana*!
¡toca á rebato!...

*
* *

Rube onde solo rubir tí podes,
rube, patricio, rube ó Parnaso,
e dend'a cume
do campanario,
o badal colle (que en tí é á pruma,) e
ceiba ó-s ventos sons inspirados,
á ver si o probe
pobo galaico
á quén os lobos do centralismo
faí tempo veñen asesinando,
escoitar podè da tua *campana*
os sons patrióticos, guerreiros, máxicos,
e se ergue aixiña
cal novo Lázaro,
á ira n'os peitos,
n'a mau ó látigo,

arder n'as véas sintindo o sangue
que d'os bravíos celtas herdamos
e deixa n'unha viril cruzada
de tanta escoria libre o chan patrio.

Anda, patricio,
velliño amado,
rey d'os poetas,
céltico bardo,
non me desoyas, facel-o podes,
¡toca á *campana*!... ¡toca á rebato!!


Ourense, Diciembre 1908.

A MAZÁ BÍBLICA

Contan que, Dios, anoxado,
á Eva y-Adán, en castigo
de engulir *certa mazá*,
botounos do Paradiso.
Tamén tí a *mazá* me deche,
(que os dous con gosto engulimos),
e ninguén veo á botarnos
á nós d'entre *aqueles* pinos.

*
* *

—¿De donde és tí, rapaza?
—De Corbillón.
—Pois por forza és leiteira.
—Son, si señor.



CARTAS D'A TERRA

San Saturnino, (Ferrol)
Mes de seitura, día catro.

Siñor don Ricardo R.
Habana.

Amigo Ricardo:
Collo hoxe pruma é papel
y-éstas letriñas che mando
pra che dar conta d' as cousas
que n' iste pobo pasaron

dend' a derradeira carta
que ch' escribín. Pois, é o caso
que (xa o sabrás) iste pobo
foi pol-o rey visitado
e tivo un recebemento
que aquilo, chacho, era un pasmo.
Arcos de trunfo, bandeiras,
foguetes de tres estralos,
y-á mais un xentío inmenso
de todas partes chegado
que por vel-o rey de perto
toleaba d' antusiasmo.

E tamén de Rebollar
á música nos mandaron
con clarinete, trombón,
bombo, cornetín, e un baixo;
e que tocaban ¡puñesflas!
que non-os partía un rayo!

Alí era de vel-o crego
tendo n'a mau o *inciensario*;
y-era de vel-o Marqués,
(ise cacique do díaño
que tén de tod' á comarca

os pobos escravizados,) non collía n'a pelica d'arguloso e de finchado! Pro... o que causou un asombro foi o alcalde de Bardaos, que se puxo d'atiqueta por vir vel-o rey, (nostr'amo;) parescía un señorito fóra á y-alma, non t'engano. Traguía longa lavita, pantelón de pano pardo, branca e pranchada camisa, faixa de dúas coartas d'ancho chistera de sete pisos, (do ano corenta e catro), chalina negra, bastón con puño d'ouro (alquilado) e pra millor, ise día estreaba unhos zapatos de mallós de catro solas con tres ringleiras de cravos, amarelos, de bezerro, que daba gloria miralos;

e hastra... ¡pásmate! n'as maus
levaba manguitos brancos,
moi xeitosos, con agullas
de calcetar frabricados
que os herdara de sua aboa
facía unha chea de anos;
en fin, parescía o home
persoa... mal comparado.
E com' él houbo algús mais
pois foi grande o antusiasmo;
e hastra o noso Auntamento
(que está d'abondo *empeñado*
e non tén n'os seus caixós
nin xiquera catro cartos
con que atender â-s milloras
que o pobo está recramando
d' hixiene, escolas e cousas
qu' eiquí contar é escusado)
en festexos, algús miles
de pesetiñas voaron,
(coma o Rey chegaba á vel-o,
era xust' agasallalo),
pro... as pesetas... ¡inda eu cegue

si sei de donde as sacaron!
E houvo alegría de firme,
e o viño correu de largo,
e houvo mil *apalpadelas...*
e moitos *acidentados*.

Moito queda n'o tinteiro,
pro, non quero ser pesado
e deixareino pra outra
pois o que é tela... ¡hai de largol
Teu.

O tolo de Cornide.

Posdata: Estou enteirado
que, d'as pesetas de marras,
seremos nol-os paganos,
pois xa vén pol-o camiño
un imposto *extraordinario*.
(O burro *aguanta* con todo,
¡votade carga, carafío!)
¡Foi pr'ós festexos? Paguemos,
que é deber de bon *monárquico*,
(pro tamén han de pagar

o imposto os repubricanos,
pra que se deixen de lérias,
e que rabechen.)


E' válido.

FOLERPIÑAS

(A MEU BON AMIGO XUSÉ FONTELA)

Veira do Cantabro mare
está de cote Galicia
vertendo bágoas de sangue
pol-os seus fillos que emigran.

En procura de fortuna
deixamol-os patrios lares,
pro, lonxe de tí, Galicia,
morremos de soedades.



A LAMAS CARVAJAL

(N'o segundo aniversario d'a sua morte)

Rubir, con valor, che vin
d'a vida á costa empinada,
n' os ollos noite pechada,
n' a mente día sin fin.

De amor n' o peito un venero,
n' a y-alma un suspiro brando,
e tí cantando ou chorando,
rubías, céltico Homero.

Pois ¿quén-do galaico Eden
seus encantos ô cantar,
soupo teu canto igualar?
¿Igualóute alguen? ¡Ninguén!

¡Nin quen con voz mais dorida
d' a emigración se queixou,
nin quen d' a patria chorou
máis á libertad perdida?

De Galicia fillo amante,
si *ela* se ría tu rías,
e si xemía xemías.
Fuches d' ela en todo instante.

N' hai tradición, nin costume,
nin cousa de nós amada,
que non estí xa cantada
pol-o teu fulxente nume.

Tí para o pobo gallego
deixache un mundo de ideas
dend' *A Musa d' as Aldeas*,
â *Cartilla do Labrego*.


¡Y-o pobo puido en mal hora
mostrarse pra tí cativo!
¡Deuche á beber fel de vivo
e, morto, esquécete agora!

Nin un probe monumento
pra lembrarte inda se ergueu;
quen te ademire, coma eu,

lévate n' o pensamento.

Non, non che complen honores,
que un monumento de fama
tes n' o libro que se chama:


Espiñas, follas e frores.



HORTIGAS

Pasa pol-o lombo á man
á un can, e ha-cho agradecer,
porque é agradecido o can;
pero dalle á unha muller
o curazón e hás de ver
que aixiña cho chimpa ó chan.

Todo esto decir quer
qu'inda é máis nobre un can
qu'ónha muller.



¡MAL POCADO!

(Ao grandioso poeta lusitano Guerra Junqueiro)

Os dous fillos leváron-llos pr'a guerra,
e n'a guerra atoparon morte os dous;
unha filla levoulla de ama un crego,
y-ésta da-lle cada ano sucesión;
unha nena quedara co'il n'a casa,
e matouse ó cair d'un corredor;
de duas léiras que tiña, co'a sequía,
sin cosecha dous anos se quedou,
e non tendo diñeiro pr'ós consumos
nin pr'ós foros, nin pr'as contribucíós,
embargáron-llas léiras e vendéron-llas;
o cabalo morreulle d'un torzon;
tiña un porco e matoullo o garrotillo;

tiña vaca e o lobado ll'a matou;
unha noite queimóuselle á casiña,
e il quebrouse unha perna días dempois;
á ninguén fixo mal nunca n'o mundo
e sobr' il can os males en monton;
y-este ser infeliz inda... ¡inocente!
reza, comulga, ayuna... ¡e cree en Dios!...

¿ATEO?...

(A MEU AMIGO DA V-ALMA D. JOSÉ OGEA)

—¿Tí crés en Dios?

—Con fervor!

Pois tíñate por ateo.

—¿Eu ateo? Non señor,
non hai tal, pois n'un Dios creo
Omnipotente e Creador.

N'un Dios Todopoderoso,
xusto, á quén sempre creín
sabio, inmenso, xeneroso,
de Todo pai amoroso,
de Todo principio e fin.

Mais, n' o que non podo crér,
é n' o que deixa de ser
Todopoderoso, cando
lle vai *un demo* arrincando
as almas do seu poder.

N' ise de saber profundo
que Todo il guía n' o mundo,
y-ó ver que n' o home debece
á fé, tórnase iracundo
e s' irrita y-enfurece.

Dios que podendo facer
boa á toda humanidade,
deixa que cund' á impiedade
para dempois cometer
unha inxusta iniquidade,

ó mandar n' os seus furores
castigos aterradores
con que escarmentar á-s xentes,
facendo que os inocentes
perezan c' os pecadores.

Que xuzga xa n' esta vida
o que n' a outra ha xuzgar,
e dá á gloria apetecida

á y-alma máis pervertida,
si â eigresia á soupo mercar.

Un Dios que nos pint' ó clero,
Dios ausurdo, paradóxico,
Dios inxusto, adusto e fero,
Dios contradiutorio e ilóxico,
Dios n' o que crer eu non quero.

Creio n' un Dios que â Razón
se impón, mais non n' os dogmáticos
d' unha ou d' outra relixión,
Dioses que n' o curazón
levan tan solo os fanáticos.

Creio n' un Dios racional,
providente, universal,
Dios de infinita bondade,
Pai de tod' â Humanidade
que á Todo quer por igual.

—

E si n' un Dios así creo,
siñor, ¿podo eu ser ateo?...

—


5



HARRIPIOS

Probe do que o curazon
lle da á calquera muller,
eu por darll' ònha abafada
sin curazón me quedei.

¡Ay, naiciña, ti és tan boa
que somellas unha santa,
y-a muller á quen amei,
nanai... ¡saíume tan falsa!...



O NOVO PAZO

(Con ocasión do concurso de pranos pr'ó novo pazo
do Centro Gallego d'a Habana)

¡Ei, gallegos!,
maus â obra,
veña o prano;
x' eiquí está;
veñan pedras
e ladrillos,
veña area,
veña cal;
darse presa
meus rapaces,
non dormirse,

non folgar,
qu' unha pedra,
suso d' outra
presto ó termo
chegará.
Darse presa,
galleguiños,
darse presa
¡arriba hirmans!
pra decir
presto ó:s alleos
con orgullo
e dinidá:
—«Iste pazo
que os asombra,
(e que á Cuba
honores fai)
é á chouciña
d' os gallegos
que d' a patria
lonxe están,
o agarimo
do emigrado,

noso niño,
noso lar;
iste é o tempro
d'as virtudes
do gran pobo
galician.»—
E mirando
n-o curuto
a bandeira
tremoár,
sacudida
docemente
pol-as brisas
d'iste chan,
ó mandarlle
n' un biquiño
á alma inteira,
repreicar:
—¡Ay, bandeira
azul e branca, (1)
cántas grorias
tí nos das
dend' á cume

do gran tempo
d'as virtudes
galicians!—

Habana, 1908.

(1) A bandeira gallega.



O NOVENO


—Sí tí non foras casada,
y-eu estivera solteiro,
jay, Rosiña, cántas cousas
che diría eiquí en sacreto!
Pro, xa ves, hastr' á doutrina
condena que cubicemos
á muller do noso próximo,
no mandamento noveno.

—Pois non t' apures, Pepiño,
porque non hai mandamento
que nos prohiba á-s mulleres
cubizar marido alleo.

BAGOIÑAS

Un velliño entre salayos
escramaba en terra allea:
—«N'hai amor com'ó d'a patria...
nin patria com'á gallega.»

D'as terras que Dios criou,
ningunha, Galicia santa,
t'aventaxa á feiticeira...
¡nin tampouco á disgraciada!



O AMOR DO GAITEIRO

Canta, gaiteiriño, canta,
non te fartes de cantar;
canta ó amor pois n-o mundo
mayor ledicia non hai.

E pois que amas y-és amado,
¡canta, gaiteiriño, canta!
que refrexen tuas cantigas
as ledicias da tua y-alma.

Amor soilo dá venturas,
¡canta, gaiteiriño, canta!

*
* *

Chora, gaiteiriño, chora,
non te fartes de chorar,
chora o amor que perdiche,
que mayor perda non hai.

Pois amache e fuche amado,
¡chora, gaiteiriño, chora!
sayan en ardentes bágoas
as penas que o peito acocha.

Amor soilo dá tristuras,
¡chora, gaiteiriño, chora!

UN DE TANTOS...

Un ricacho hai no meu pobo
que é mais bruto qu'ôn baral,
pois son puros disparates
canto dice e canto fai.
O outro día n' o mercado
disputando c' un tal Brás
sobr' un cabalo, o ricacho
ceibou tal barbaridá
que o dito Bras,—que é un bo merlo,—
non se conteñeu e ¡zás!
díxolle:—E' vosté unha besta!...
sin agraviar ó animal.
—¿Sabe vosté con quen fala,

y-o que d'un ó outro vai,
pra con tan pouco respeito
de besta así me tratar?
Eu son rico, arrastro coche...
—Xa o creio que o *arrastrará*...
(Enton si lle chamei besta
¡non sei porque se ha enfadar!)

A PRIMEIRA PEDRA

(*Himno*, con música do insigne mestre Xosé C. Chané, cantado pol-o orfeón
«Ecos de Galicia» nas festas con que se celebrou, o 8 de Decembro
de 1907, á colocación d'a primeira pedra do novo pazo
do Centro Gallego d'a Habana.)

¡Fillos d'os celtas, vind' eiquí á éito,
deixad' o peito
no día d' hoxe libre ceibar
ledos cantares á esta pedriña
que ha ser aixiña
d' os galleguiños o novo lar!
N' estreita aperta todos marchemos
y-así daremos
subrime exemplo de paz y-amor,
e ser podremos sempre louvados
y-ademirados
pol-as vindeiras xeneraciós!

I

¡Ei, gallegos, adiante co-a obra,
e que o mundo se asombre de nós,
qu' istes feitos grandiosos procramen,
canto poden o esforzo y-a unión.
Pr' a colonia gallega de Cuba
novo día de gloria hoxe é;
si unha pedra n' é nada n-o mundo,
unha pedra pode un mundo ser.

—

¡Fillos d' os celtas, etc, etc,...

—


II

Con anacos da y-alma gallega,
noso niño eiquí vamos faguer,
fl ha ser unha mostra grandiosa
de traballo, virtud' e honradez.
Il será pro infeliz emigrado,
n' esta terra, feitizo de Dios,
un curruncho d'a patria adourada
onde atope consolos y-amor.

MUXICAS

Xulgando á todas por ti,
naiciña do curazon,
dinll'a y-alma ônha muller...
¡y-axiña m'asasinou!

Mociños namoradores,
o que facendes mirai,
qu'amor firme soilo acocha
n-o curazon d'unha nai.



O DIA DE SANTIAGO

(Ó-S GALLEGOS DE CUBA)

Dend' o curruncho d' a patria,
dend' o lar agarimoso
onde unha probe velliña
á quen ;*nai!* chamo con gozo,
tenta c' os seus bicos tenros
cheos de amoroso fogo
disipar as negras trévoas
en que o espirtu teño envolto,
dend' a terra feiticeira
que é do emigrado o soño,

dend' a Galicia adourada,
paradiso delicioso
onde Dios vén recrearse
n' as suas horas de folgo,
hoxe, día de Santiago,
do santo patrón glorioso,
meus hirmanciños de Cuba,
lémbrovos dend' eiquí á todos;
que anque nin un solo instante
de vós esquencermes podo,
en tal día coma hoxe
é mais intenso o recordo.

Lonxe estou de vós, é certo,
mais solo está lonxe o corpo,
pois en alma, hirmaus queridos,
en alma estou ehí con vosco.

*
* *

Co' a cabeza entr' as maus, sobr' a mesa,
pecho os ollos, y-así debruzado,
car' ahí voto o meu pensamento
—que é onde teño da y-alma un anaco,—

e c'os ollos da y-alma, de súbeto,
vexo todo o que ehí está pasando.

Vexo o Centro Gallego, o gran tempro
onde acocho atopou o amor patrio;
onde lonxe d'a terra amorosa
un consolo á *morríña* buscando
os doentes do espirtu á él imos
en conversa uns c'os outros curarnos;
ond'o amor â familia y-â patria
n'unha aperta nos ten apreixados;
ise tempro por todos querido,
do chan celta grorioso retazo,
ven-o vexo cuberto de frores,
con mil luces de cór adornado,
e de xente que estoupa d'orgullo
os balcós y-os salós rebuldando.

Vexo en Prado e n'o parque d'a India,
un informe formigueiro humano
que se move cal ola d'os mares
e tolea de ledó entusiasmo
vendo o fogo que están—de artificio,—
n'a azouteia do *Centro* queimando.

Tamén vexo á bendita *Benéfica*,

sanatorio que é de alleos pasmo,
y-onde os probes doentes do corpo
á perdida saude atopamos.

Dend'alí voa o meu pensamento
á Tacón,—o grandioso teatro
que é do *Centro* tamén propiedade
para honra do pobo galaico,—
e n'il vexo que están arastora
á gallega función celebrando
para os fondos d'a *Beneficencia*,
Sociedade que ten máis de santo
e celeste que cousa do mundo,
que ten máis de divino que humano.

Me parece que a vexo, unha fada
celestial que, co seu rexio manto
de fulxentes estrelas cheiño,
agarimo lle da ó-s disgraciados
e lles dice con voz melosiña:
«¡Caridade y-amor eu vos trayo!»
Estou vendo sua excelsa figura,
vaporosa, que se ergue n'o teatro
presidindo esa festa gallega,
luz d'os ceos radiosa espallando

y-a sua mau proteutora tendendo
d'a gran sala por todol-os ámbitos.

Sociedade de Beneficencia;

¡ben de Dios! ¡meu amor! ¡cánto te amo!...

E n'o teatro ¡que enchente tan grande!

¡De xentío hoxe está acugulado!

¡Qué ledicia refrexan os rostros!

¡Qué mulleres fermosas! ¡Qué encanto!

¡Cal fulguran os ollos d'as nenas!

¡Cántos beizos en frores trocados!

Mais ¡qué vexo? ¡Si non son mulleres!

Serafíns son d'a groria baixados

pra, n'a festa d'os menesterosos,

adornar as lunetas y-os palcos.

¡Dios vos garde, mociñas cubanas,

brancos lirios d'un chau tan amado!

¡Gárdeos Dios, galleguiñas garridas,

caravés do xardín galiciano!...

Mais, xa sal-o Orfeón, escoitemos.

¡Con rapazas tamén? ¡Estou parvo!

¡E que cantan, á ver? ¡A *Foliada*!

ise coro inmortal, non m'engano.

¡Cómo cantan, ay, Dios, si somella

que cada ún ten n'a gorxa un paxaro
e parleiros, garulan saudades
do nativo terrón, do lar santo!

Eis o premio que amantes lle ofrendan:
¡bravos, vivas y-ardentes aprausos!
¡Bénia vos, que facendes d'os peitos
labaradas surxir de amor patrio!
¡Bénia ti, orfeonciño querido!
¡Bénia vos, reisifioles galaicos!...

Eis a groria do Arte gallego;
xa está ahí o gran Chané, ¡chist! Oigamos.
Mais, ¿qué ten o instrumento que toca?
¿Esas cordas qué teñen, gran *magó*,
que, ó firilas teus dedos, parece
que se espallan d'os seus sones máxicos
anxeliños do ceo que pasan
curazós de gallegos bicando,
e que as almas se escapan d'os peitos
pra fundirse n'un bico n'o espacio,
e c'un nudo que as gorxas oprime
y-anegadol-os ollos en pranto
tod'ó mundo de pé á ti te viva
e che da delirantes aprausos?

¡Non, non quero ver mais; despertémos
porque a pena me está xa afogando!

Mentras vos e chí chorades de gozo,
en tal noite, d'a patria arredados,
eu de pena n'a patria adourada
as entrañas co' as bágoas me abraso.
¡Son as bágoas amargas que verto
por un pobo escravol...

* *
* *

Dende Cuba pr'a patria eu tornaba,
do poeta inmortal custodiando
os mortales despoxos que viñan
â terriña nativa mandados
por vosoutros, pra que *ela* eiquí os garde
cal se gardan as cinzas d'os santos;
do gran Curros, do Cristo gallego,
do mais grande d'os célticos bardos;
do que á vida pasou pra Galicia
Libertad, Redención, sospirando;
do que os versos subrimos, viriles,
para os déspotas foron trallazos;

do cantor d'as angustias do pobo,
trovador por ninguén imitado;
do que soupo alumear os celebros
d'os que víutimas son do's tiranos;
do que, á eito, as *ideas d'os libres*
n'as concencias soupo ir sementando;
Y-eu á rentes d'aquil corpo morto
do poeta inmortal, do gran bardo,
as suas santas doutrinas lembraba
e pra patria volvía, coidando
atoparme c'un pobo liberto
¡y-atopeime c'un pobo de escravos!



Libres corren as augas d'as fontes,
libres medran os froitos n'os campos,
libres brúan os ventos n'a serra,
libres voan pol-o aire os paxaros,
libres cruzan os ceos as nubes...
¡solo o pobo gallego está escravo!
Libres andan os corpos, é certo,
pro os espirtus están encadeados,

pois, cogullas, traidores de Cristo,
que en inícuo comercio trocaron
as subrimas doutrinas do Mártir
que espirou n' unha Cruz n' o Calvario,
mercachifles d' as cousas sagradas,
vendedores do ceo á retallos,
que por *trinta diñeiros* ofrecen
pasaportes pra Dios á destaxo,
que trafican co' as almas n' o mundo
e dan gloria á peseta o anaco,
d' as concencias do pobo gallego
conseguiron facérense os amos
a estas xentes sinxelas, pacatas,
co' a *venganza* de Dios ameazando.

Todo sigue seu curso n' o mundo,
sempre adiante, á seu fin camiñando,
solo o probe do pobo gallego
car' atrás vai ha tempo, empuxado
pol -a cáfila ruin, traicioéira,
que de libre en opreso o tornaron.

¡Probe pobo! ¡Qué triste é o teu sino!
¡Novo Job, de pacencia non farto!
¡Ben traballas os eidos y -as leiras

que con sangue e sudor vas regando!
Mais ¿quén goza d' os froitos que â terra
ti lle arrincas con tantos traballos?
Rendas, foros, caciques, trabucos,
señoríos, impostos, recargos!...
Todo é pouco pr' os lobos que medran
á tuá custa, meu bon Xan pagano!



Non abonda, gallegos d' América,
fundar Centros, Sanatorios, Bancos,
Sociedades de Beneficencia,
Orfeós, Academias, Teatros,
nin abundan tampouco as escolas
que eiquí abrindes pr' ensinarlles algo
ó-s gallegos do porvir. ¡N'abonda!
¡Moito mais hoxe é xa necesario!

Xa non val sementar eiquí ideas;
sementar non se pode n' un campo
que estí cheo de ortigas e fiunchos,
d' herbas mouras e de xaramagos.
Pra que poida brotal -a semente

antes comple, *con arte*, limpalo
d'as ruis herbas que deixan a terra
seca, estéril, seu xugo chupando;
y-o gran *campo gallego*, hirmanciños,
de *ruís herbas* estavos plagado.
Todo o zume do pobo n'abonda
pra manter insaciabres parásitos!

Vós que sodes gallegos enxebres,
vós que sodes do lar os nostálxicos,
vós que sodes virtuosos y-altivos,
vós que sodes patriotas honrados,
vós que as almas xa tendes libertas
d'a inorancia d'os cegos fanáticos,
vós que xa d'a fé falsa limpastes
n'o *Xordán d'a instrucción* os pecados,
que trocastes un mundo de trévoas
—decididos, valentes, ousados—
pol-o mundo d'a *luz do Progreso*
que os celebros logrou alumearvos,
que aspirades as áuras d'os libres
dando ó-s peitos ardente entusiasmo,
que as concencias temprades o fogo
do gran Sol d'os dereitos humanos,



¡ay! ouvide hoxe á voz lastimeira
do petrucio gallego aldraxado.

E preciso acudir: vinde todos,
¡ouh, inmensa lexión de emigrados!
E preciso acudir: non tardedes
en chegar co'a basoira y -o látigo
de verdugos, ladrós e opresores
deixar limpo o querido chan patrio.
E preciso acudir: vinde presto,
e pedídelles ó apóstol Santiago
que ó igual que loitou en Clavixo
e lle deu á viutoria ó-s cristianos,
que vos gufe n'a vosa batalla
repetindo o antigo milagro,
pois si infieles d'un Dios antaño eran,
son infieles d'a patria os de hougano.

¡Pobre pobo! Infelís Prometeo!
A sua veste a tirós lle arrincaron,
y-así ispido, con fortes cadeas
foi suxeto por pernas e brazos
n'a peneda d'a negra inorancia,
onde á forza os vilans o arrastraron.
Ahí está esmorecido, xemente,

sin piedade atopar nin amparo,
retorcendo seu corpo dorido,
de xusticia y -amor esfameado.

C'o festín d'a carniza rebrincan
de rapiña os ladrós paxarracos.
De bonete e coroa mil corvos
n'as entrañas do probe cebados
as suas garras e bicos inmundos
do inocente co'a sangue lixaron.

¡Eis á sorte do pobo gallego!
¡Ehí está o Prometeo galaico!
Prometeo que, aínda con vida,
sofre e xeme o infelís resinado
co'a esperanza d'un novo Mesías
que ha de vir do suplicio á libral - o
en anacos partindo as cadeas
con que o mártir está apreixonado.

¡Vinde vós, galleguiños d' América!
¡Vinde presto, patriotas honrados!
¡Vinde, si, pois n' os homes d'a terra
xa confianza non ten de ser salvo!
¡Xa ten fé solo en vós, en vós solo!
¡Xa de vós solo agarda o milagro!

¡Coitadiño, n' as ansias d' a morte,
car' á vós torna os ollos xa en branco,
«¡Libertad!»—n' os seus ayes pedindo,
«¡Redención!»—por amor recramando!...
¡Dios vol-o ha de pagar; vinde aixiña!...
¡que morre! ¡¡salvaino!!


Ourense, día de Santiago de 1908.

¡FIATE!...

¿A unha muller que adoras
díche-lle á y-alma,
e unha ventura eterna
d'ela tí agardas?
¡Olla que és parvo!
Fillo, douche o meu pésame
por adiantado.

* * *

O'arredarme ónte de tí
xurácheme eterno amor,
cando tornei hoxe á verte...
¡xa me fixeras treición!



XUGANDO Ó BUGALLO

(A MEU QUERIDO AMIGO COSTANTINO AÑEL)

A filla do Caravelas
(que xa é unha baril moza)
e mais o Xoquín Ferreiro,
(pillabán de sete solas)
foron xugar o bugallo
a outra tarde n'a congostra
onde ten o Xoquín rentes
un milleiral e unha horta.

Foi o xogo pelexado
de verdade, pois deu probas
a rapaciña de sere
aguda coma n'hai moitas,
y-anqu'il é un bó xugador,
ela é unha gran xugadora.

¡Y-era de ver a listeza
que alí despregaba a moza!
¡qué xeito pra darlle ó uñete!
¡qué rapaza! ¡qué mañosa!


Por ganar os dous se afanan;
con tal teima o xogo toman
que, xa derrean os corpos,
xa pol-o chau se revolcan,
xa se erguen os dous d'un pulo
corados coma amapolas,
xa, en fin, por ganar un ó outro,
fan cousas que mesmo asombran.

Tres tantos ós dous lles faltan,
e, cando ela ganar coida
porque n'o bugallo d'il
deu duas veces, colle il forzas
e... ¡tres veces seguidiñas
logrou meterllo n'a frocha!

CROYÍÑOS

Eres coma unha mazá,
—dice á xente,—e ten razón;
tes unha cara preciosa...
¡pro tes podre o curazón!

Tan disgraciado estou sendo
n-o camiñar pol-a vida,
que si cheirar quero frores,
han-me ferir as espiñas.



A GAITA GALLEGA (1)

(A MEU QUERIDO AMIGO XUSÉ CASTRO CHANÉ)

A nosa gaitiña,
á gaita gallega,
á gaita adourada
de misterios chea,
á y-alma d'un pobo
no seu fol encerra.

Ouvíndoa en Galicia,
n'un día de festa,
aló antre penedos,

(1) Da zarzuela *O Zoqueiro de Vilaboa*.

n' o adro d' a eigrisia,
ou baixo as sombriñas
d' unha carballeira,
cando as xentes con louca alegría
o santiño do pobo festexan,
cando todos, mociñas e mozos,
e vellos, e vellas,
y-hastr' ôs rapaciños,
bailan á muiñeira,
e brilan n' os ollos
ledicias inmensas,
e cheos de gozo
ó par d' o que as pernas
os curazós bailan
que os peitos encerran,
alí é onde á gaita
á gaita gallega
c' os seus meigos sonos
as almas recreia.
N' hai enton reisiñoles n' o mundo
que canten com' éla,
nin alegre risada de moza
que se lle pareza,
nin hai mozo qu' estoncias non berre
ô acabar de beilar á muiñeira,

«jei, rapaces, que viva por sempre
á gaita gallega!»

Mais... ouvíndoa lonxe,
ouvíndo-a n' América,
cando os desinganos co' as suas feras garras
n' a y-alma fan presa,
cand' o peito nos firen de cote
tristuras moi negras,
cando ô pensamento
relembanzas chegan
d' os días felices
d' a idade primeira,
d' os tempos ditosos
pasados n' aldea,
d' os seres queridos
que alá nos esperan,
d' os campos ridentes
d' os ríos, d' as veigas,
de cantos feitizos Galicia atesoura
que é á rexión más formosa d' a terra;
cando istes recordos
á y-alma nos chegan
ô vernos tan lonxe d' a patria adourada,
eiquí... ¡en patria allea!...

é cando á gaitiña,
á gaita parleira
non canta alegrías...
so chora tristezas.
Enton son suas notas salayos doentes
qu' o espírito apenan,
enton do punteiro non fuxen risadas...
¡escápanse queixas!
¿Cómo n' hei de cantar d' a gaitiña,
as suas escelenzas
si ela nosa y-alma
no seu fol encerra?
¡Gallegos enxebres,
gallegos d' América,
si amor á Galicia
n' o peito vos queda,
berrade cumigo—«¡que viva por sempre
á gaita gallega!»

Habana, 1907.

A ALMA N'OS OLLOS

«Querote, si, Martiño
mentir non podo,
pois refrexad' a y-alma
levo n'os ollos;
mira ben pr'eles,
son da y-alma un refrexo,
dime si menten.»

Asi dixo á perxura;
«levo n'os ollos
á y-alma refrexada
mentir non podo».
Non m'enganaba,
eran seus ollos negros
¡negra sua y-alma!



ADIVIÑANZA

(A meu grande amigo XUSÉ B. CERDEIRA, director-propietario
de *Galicia*, d' Habana.)

—A ver, Antón, ¿qué é unha cousa
que parece home e n' é home,
pois anque de home ten trazas
ten tan solo de home o nome;
non é besta e coma besta
á vida vai arrastrando,
pois xa o derrean as cargas
que enriba lle van botando;
ten terras e d' as suas terras
solo de dono ten fumos,
pois canto lle dan lle comen

foros, rendas e consumos;

traballa e do seu traballo
nunca o froito chega á ver,
pois ten tantos *sumezugas*
que non gana pr' os manter;

sempre está metido en preitos
que ó fin o deixan por portas,
pois posto n' as maus d' a curia
as contas saén-lle tortas;

recrama xusticia e nunca
se lle fai, por máis que a teña,
pois sempre o xuez, contr' ó probe,
fai o que ó rico conveña;

está oprimido, aldraxado,
envolto en miseria, e cala,
pois é tanta á sua pacencia
que nin santo Job ll' iguala;


pode ser libre y-é escravo,
é probe e pode ser rico,
pois non lle quedan xa folgos
nin xiquer pra abril-o bico;

sofre mil calamidades
con resinación cristiana,

pois non s'estreve ó-s verdugos
á zurrarlles á *badana*;

é víutima do cacique,
do xuez, do señor, do crego...

—Pois esa *cousa* tan rara,
é-lle o labrego gallego.



A MERCEDIÑAS C. CHANÉ

(N-O DÍA DO SEU SANTO)

Feiticeira Mercediñas,
anxeliño de alma pura,
de ollos de inmensa dozura
negros com'as penas miñas.

O Dios d'os ceos bondoso
tantas gracias darche quixo,
que en canto te formou, dixo:
«Ehí vai o anxel mais fermoso».

Pra mín, mercede notoria
é un teu meiguiño sorriso;
val tua ollada un paradíso,
un bico teu val á groria.

Xa que *Mercedes* te chaman,
si ó seres muller un día,
os rapaces á porfia
mercedes de ti recraman,
as *mercedes* do teu ¡sí!
has de dar, por de contado,
á aquil que por bon e honrado
sexa mais dino de tí.

E pois tua felicidade
é ó que mais desexo ansioso
á Dios Topoderoso
con fervorosa piedade
que te somelles pedín,
en talento á teu bon pai,
en virtudes á tua mai
y-en amar â patria... ¡já mín!

Habana, Octubre 1905.

A DOLORIÑAS C. CHANÉ

E dicen que é teu pai un xénio en música,
—y hastra insine lle chaman—
porque esquirbíu algunhas melodías
que soilo ó escoitalas
un non sei qué, de doce e pracenteiro
arrouba suavemente á nosa y-alma...
¡Un xénio! ¡Qué ha de ser, si aínda non soupo
recoller n'o pentágrama,
á tenra, á doce, á grata melodía
que hai, Doloriñas meiga, na tua fala.
¡Si hastra Dios, que cha deu, por mais que quixo
xa non soupo dempoixas imitala!

Habana, 1907.



UN NOVO SANTIAGO

(A MEU BON AMIGO F. TETTAMANCY)

¿Cómo fora?... Ben-o eu discurría,
mais o caso non daba espricado.
Eu hacheime de pronto vestido
con hábito branco,
cruz roxa n-o peito, n-a testa monteira,
e rubido n-un albo cabalo.
Miña mau unha espada brandía
que, de cando en cando,
â miña vontade sua punta ceibaba
centellas e rayos.
Eu era un Apostol,

un novo Santiago;
eu en son de guerra
percorrín, un por un, os poblados
d'esa nosa adourada Galicia
os larpós que á escravizan botando.
Eu correra xa as catro provincias
d'un lado á outro lado,
e arguloso da miña campaña
cheguei á un gran campo
de perto d'a Cruña
diante mín levando
á todos aquiles que son en Galicia
de plaga un espanto.
De odiosos caciques que teñen os pobos
tan escravizados
levaba un enxambre (pois tal somellaba)
n-o inmenso rebaño;
en montós concexales e alcaldes
que d'os municipios á custa medraron
roubando d'as arcas
hastr'o ultimo carto.
De xente d'a curia
levaba un bon fato;

unha chea de xueces vendidos
e outra chea de máos escribanos;
máis adiante os ruis cregos que viven
á inorancia do pobo esprotando;
 acolá usureiros
d'os que ó cento por cento prestando
ó-s que foron pedir unha axuda
 por portas deixaron;
mais acá d'os consumos levaba
 ó-s arrendatarios;
á outro lado os axentes canallas
que co'a sangre d'hirmaus comerciando
pr'as Americas mil infelices
 mandan emigrados
 deixando a Galicia
 sin útiles brazos;
y-en fin, tod'a escoria qu'é ruina d'a patria,
ladrós, malfeitores charlatás e vagos,
 levando didiante
 n'inmenso rebaño,
 entrei argullosos
 n'aquil ancho campo
onde o pobo gallego agardaba

y-ó ollarme, colmoume de vivas y-aprausos.

—¡Eiquí estou,—berrei eu—xa por sempre
ser feliz vai agora o chan patrio

pois os que o tiveron

tan escravizado

diante de vos tedes, ¿qué facemos co' iles?
diutade á sentenza.

—¡Queimalos! ¡Queimalos!—

berraron á unha

todos indinados.

Mais n' iste momento, foi tan grande o pulo

que deu meu cabalo,

que, fallándom' o apromo, de chola

contr' o chan fun bater... despertando,

pois caíra do leito en tal xeito

que á cabeza metin n' o *artefauto*

que se deixa debaixo d' a cama

pra... si é necesario.

Todo fora un soño;

¡soño, si! ¡mal diaño!!


—

Aquil era o día

do patrón Santiago,
o día do Apostol
por sempre loubado

que de mouros e infieles, grorioso,
—según dicen—librou o chan patrio;
e coma n'a festa viño y -augardente
 correran de largo,
pol -a noite marchei ledó ó leito,
e no bén de Galicia pensando,
eu que quero vela libre, redimida,
 limpa de tiranos...
 soñei o que dito
 deixo en malos trazos.


—
Y -aventura do soño deixoume
 —c' o cruel desingano—
 dous croques n'a testa,
 e de contra o cabelo *mollado*.



GRANIZO

¡Cántas cousas fai un home,
á-s veces sin-o pensar,
pra pedir perdón aixiña...
¡despois que está feito o mal!

Lavando estabas n-o río
e marmurache con sorna:
—¡Si se poidera, lavare
á concencia com' á roupa!



¡LONXE!

¡Lonxe d' a patria,
qué morriña se sente
dentro da y-alma!...

¡Ventiños, ventos d' América,
s' ides â gallega patria,
dádelle un bico amoroso
á miña terra adourada!

Recordos de neno,
á mente me asaltan...

.

Miña fonte d'a Ouliveira,
fontiña d'auguiñas craras;
campanario de San Pedro
que con afán tuas campanas
repiniquei, cando o *Cóquilis*
me deixou repinical-as;
eiró, xardín, outeiriño,
carreira e outeiro d'as Laxas,
onde á remontar cometas
moitas veces me escapaba;
frorida veiga de Fontes,
regueiro de limpas augas,
que serpeando entre seixos
os fentos bicando pasas;
pombar de Lama-Redonda,
branco cal pombiña branca;
piñeirales de Castrelo
bicados por brisas prácidas,
lugares queridos
que corrin n'a infancia
pra esquencervos non abundan
longos anos nin distancias
y-unque mar e terra

de vós me soparan,
lévovos n' o pensamento,
lévovos dentro da y-alma.

Recordos de neno
que a mente me asaltan...

Río Arnoya, que mainiño,
ó pé do Castillo pasas,
rio de ridentes beiras...
¡cánto nadei n' as tuas augas!
N' o Pociño, en Vilanova,
xa n' o Arnado, xa n' a baira
do Portovello, n' a Costa,
ou máis abaixo n' a Granxa.
Dend' a Veiga á Acea-Rica,
n' hai sitio onde eu non nadara...
Pol-a mañan, pol-a tarde,
o anoitecer,... sempre estaba
ledo, afanoso, contente,
suóugando n' as tuas augas.
Eu era un rapaz moi trasgo,
ti o Xordán d' as miñas ansias,

e na tua corrente eu iba
purificar miñas faltas...

Arnoya adourado,
amigo d'a infancia,
non abundan pra esquencerte
longos anos nin distancias,
y-unque mar e terra
de ti me soparan,
lévote no pensamento
lévote dentro da y-alma...

.

Recordos de neno
que á mente me asaltan...

Allariz, vila querida,
de campíña froleada,
de poeticos paisaxes,
de puras e ledas áuras,
que téns n'a tua historia
de gloria cen páxinas,
d'os feitos d'as xentes
de idades pasadas,—
gorrias d'as que hougano

non se lembra nada, —
vila en cuyo seo
pasei miña infancia,
pra que eu poida esquencerte n'abondan
longos anos nin longas distancias.

Tí podrás esquencermes... ¡pacencia!...
Xa me déche á beber fel amarga
xa de penas o peito me henchiches,
xa ó-s meus ollos fixeche saír bágoas,
pero eu sigote sempre querendo,
miña vila amada,
y-han ser sempre pra tí meus amores
han que en troca me pagues con mágoas...

Que anque mar e terra
de tí me soparan,
lévete n' o pensamento,
lévete dentro da y-alma!...

.
¡Ventiños, ventos d' América,
s' ídes á gallega patria,
dádelle un bico amoroso
á miña terra adourada!...

¡Lonxe d'a patria,
qué morriña se sente
dentro da y-alma!...

Habana, 1908.

N - A P R A Z A

—A miña pitiña
mérqueme, siñora,
ólle que pesada,
que bonita é.
—¿A ver? ¿está fraca!
y-ela é poñedora?
—Pôn todol-os días.
—¿De certo?—¡Abofé!
—¿Canto quer por ela
—Nove reás.—E' cara...
mais .. si é poñedora..
—E, si.—Pois ehi van.

—Coide esa prediña
qu'ha ver, ¡cousa rara!
que todol-os días
pôn... (os pés no chan)

NOITE FRÍA

(Á MIÑA HIRMÁ MARÍA)

¡Cómo neva, qué noite tan triste;
 qué frío, qué horror!
Y-ó meu fillo n'a porta... ¡coitado!
mália á desleigada que co'a sua treición
 á paz da sua y-alma
 por sempre roubou!
 Meu fillo adourabaa,...
 xuroulle ela amor...
mais foille perxura y-o meu probe neno
de penas morrendo vive dend' enton!

—Ay Xuxé, ¿tí non entras filliño?
 ¡vente quentar; anda!

¿Non sintel-o frío?
¡si neva qu' espanta!
—Mais fría qu' a neve
que cai maina... mama...
mais fría inda qu' esas
folerpiñas brancas,
¡ay, naiciña, mais fría... mais fría
ll' está á miña y-alma;
y-este frío que teño n' o espírito...
iste frío... xa nada m' o saca!

—Está á noite cal boca de lobo,
¡qué negra, dá medo!
—Pois mais negras lle son as tristuras
que de cote me roen n' o peito.
Negros cal á noite
son meus pensamentos,
y-así negras bulir mil ideas
sinto n' o cerebro.
Pra min xa d' a vida
n' o triste sendeiro
non hai hourizontes de cores alegres,
pra min... ¡todo é negro!

—Esquécete d' eso, non penses filiño...
ven rente d' o lume; ven, quéntate un pouco.

—¿E que val, naiciña,
que val ise fogo,
pr' o fogo d' a febre
que abrasa meu corpo?


Unha febre qu' os beizos m' abrasa
e me coce n-a ch'ola os miolos.

A treición puxo frío n-o espirtu,
pró... acendeu o fogo,
o fogo d' a febre
que abrasa meu corpo,
y-o frío d' a neve que caí maina... maina...
pra min é un consolo.

¡Ay, qué triste, que horrible é a vida
si se vive c' o curazón morto!

¡quén deixar iste mundo poidera
ou volverse tolo!

¡Non me cabe xa á pena no peito!
¡eu quixera chorar... e non podo!
¡as angustias aprétanm' a gorxa!...
¡ay, nanai!... ¡eu morro!...




DUAS GRORIAS

(A Lisardo Barreiro, n' unha postal en que aparece o gran Curros Enríquez,
depositando un ramo de frores sobr' a tumba de Rosalía Castro,
o 24 de Setembro de 1904.)

Sobr' a tumba d' a tenra Rosalía,
o gran cantor foi ofrendar un día
«collidas á pedir de porta en porta»
frores de amor â nosa rula morta.

Xa tamén il morrreu; rubiu sua y-alma
co' a d' a d' ela á gozar do ceo a calma,
e mentras xuntas bícanse n' a groria,
xuntos seus nomes vivirán n- a historia.

A Cruña, Abril 1908.



O ACIEIRO

Hai un muíño en Allariz,
chamado á «Acea d'a Costa»,
que anque d'a vila está ó pé
tempos houbo, según cantan,
que non moía tres tegas
à somana, e non é groma.

Mais, un día, deu en ir
a xente á ela en riola
moer o grau, en tal xeito
que hastr'o acieiro se asombra,
y-anque non se esprica o caso
da sua sorte ben se folga,
pois tanto e tanto xa móe

que unha pedra non lle abonda,
e,—como gana bos *cuartos*,—
fai n'a Acea grandes obras,
monta turbina e duas pedras
francesas, d'esas mais novas,
para poder dar abasto,
e hoxe móe que é unha gloria.

Mais a historia d'a tal sorte
un vello antronte contouma.

—
Había eiquí unha rapaza
que tiña por nome Rosa,
linda com'ós caraveles
que frescos n'os xardíns brotan,
d'unhas vinte primaveiras
ledas coma castañas,
garrida, de carnes albas,
o que se dí unha rial moza
a quen os mozos d'a vila
facían de cote a roda.

Ela a ninguén daba creto,
y-a todos daba reposta

que en amor nada pensaba,
pro, n' este tarreo as cousas,
de pronto dälle a barriga
en medrar, y-á fin de contas
que Rosa safa c' un neno
mais lindo q' onha amapola.

¡Canto se falou d' aquela!
¡Cantas suposicións tortas
fixeron n' a vila as xentes
por dar co' a *mala presona*
que lle caíra á fortuna
de ser pai d' aquela xoya!
Pro, o tal non aparescía,
y-o pai quedaba entre sombras.

—

Un día, ó sair d' a misa
d' as dez,—si é fiel á mamoria,—
Rosa atopou marmurando
n' o eiró unha chea de mozas
que surrían con malicia
ollándose unhas á-s outras
cando ela rente pasaba,

mais, unha d'elas, con sorna,
estreveuse á preguntarlle:

—¿De quen é o teu fillo, Rosa?

—¿Meu fillo? Pois ben, diréivolo,
porque xa mesmo m'ameca
tanto e tanto marmurar
sobr' o que á ninguén ll' importa.

¿Que de quen é? Pois sabédeo:
é do acieiro d'a Costa.


Fun ali á moer o trigo,
o rapaz deume parola,
e coma non é mal mozo,
y-eu non son tan mala moza...
ehi tendes o resultado.

¿Queredes mais, envexosas?

—¡Envexosas! ¿De qué, filla?
(berraron a unha todas.)

¡Olla que desfachatada!
¡Olla que pouca vergonza!
decir que temos envexa,
¡olla c' o que sale, olla!...

Cando baixou o muiño
ó día seguinte, Rosa,
quedou pasmada ó atopar
á acea chea de mozas
que iban á que o acieiro
lles... moese o trigo á todas!



FIUNCHIÑOS

Por un amor din a y-alma
sin sospeitar que a treición
fbame deixar tan presto
sin a y-alma e sin o amor!

Si porque amou Cristo ó-s homes
rubíu ó Ceo, eu que amei
tantas e tantas mulleres...
¿ónde irei?



LUS REDENTORA

(Cántiga rexionalista)

A MEU BON AMIGO MANUEL LUGRÍS FREIRE

(«Rexionalismo» e «Solidarismo»,
son duas palabras distintas e unha
sola aspiración verdadeira pra redi-
mir á Galicia.)

Outra vez n'hourizonte d'a patria
con brilo esprendente se ve crarexar
esa lús que refrexa n'os ceos
con signos de fogo: ¡SOLIDARIDÁ!

Esa lús, redentora d'os pobos,
que xa n'outros tempos por eiquí pasou,
esa lús que alumea as concencias
falando ôs gallegos de patria e rexión.

Esa lús que xa cen e cen veces
os fillos d' os celtas deixaron fuxir,
pra, sumidos n' un sono de pedra,
escravos seguiren d' a grey caciquil.

Esa lús que as ideas espalla
de rexionalismo e de libertá;
as ideas que soilo elas poden
á un pobo xa morto nova vida dar.

¡Galicia, esperta, que por Ourense
d' un novo día
desponta o Sol,
y-as suas rayolas de lús ardente
pra tua aguña
tran salvación!

*
* *

¿Qué fixemos d' aque! sangue indómito
d' os celtas ousados, decide, onde foi?
¿Qué fixemos da y-alma bravía
qu' herdamos outrora d' os nosos abós?


Espertemos, gallegos, qu' a aurora
d' a redención patria comenza á espontar;
espertemos que o *Sol Solidario*
ôs peitos patriotas alentos dará!

¡Espertemos, que o día amanece,
o espírito d'a brétema saquemos de vez,
que esa lús que alumea os celebros,
as almas aquece, vida pra nós é!

¡Ei, gallegos, quen pode ser libre
do escravo as cadeas non debe arrastrar;
comencemos á loita groriora
levando por lema: ¡SOLIDARIDÁ!

¡Galicia, agarda, que á lús xa temos
que n'a cruzada
nos há guiar;
e de verdugos limpiar sabremos,
en loita airada,
o patrio chan!

Abril de 1907.






POSTAL

(Á FORMOSA SIÑORITA MARÍA GARCÍA)

Son teus ollos os dous luceiriños
d'ise ceo que tés tí por cara,
(dous luceiros que inmensas ledicias
n'os seus meigos ollares espallan);
son rosiñas d'Abril tuas meixelas;
doce música son as tuas falas,
y-ôs craveles teus beizos diviños
en cheirumes e coor aventaxan;
teus cabelos son febras de seda,
todo en tí son feitizos e gracias...
pro, con ser tan fermoso o teu corpo,
¡mais fermosa, Maruxa, é tua y-alma!



SALAYOS (1)

Frores do tallo arrincadas
que n' o froreiro morredes
faltas de zume... de vida...
¡Cómo á mín vos parecedes!

Dobran as campanas.
¡Qué son triste teñen!
¡Pón frío n' a y-alma!

.

E nicho o meu peito
de mortas espranzas,

(1) Pubricanse istes versos pol-a resposta que vai á volta.

un corazón morto
ê soilo o que garda,
e van-m'as tristuras
roendo as entrañas...
¡Qué martirio pra mín ê a vida!
¡quén poidera de cacho arrincala!

CARMEN PARADA.

Allariz (Ourense) 5 Marzo 1905.

¿QUÉ TÉS?

(A CARMEN PARADA)

¿Qué tés, Carmeliña?

¿qué tés, miña xoya?

Tí que antaño contenta cantabas,

¿hoxe por qué choras?

Borbotós de risadas parleiras

sempre foron teus versos, e agora

son salayos que fuxen d'un peito

que penas acocha.

¿Por qué os ledos garulos d'antaño

en tristesiros queixumes se trocan?

¿En qué mar d'amarguras, Carmela,

en qué mar de amarguras t'afogas?

¡Eso é o que ch'inspiran
as brisas do Arnoya?
¡Ou, cicais, d'amores teu curazonciño
ferido s'alcontra?
¡Quizayes d'un mozo
diches créto á palabras treidoras
e dempois que roubou a tua y-alma
do teu mal te viñeche á dar conta?
¡A treicion matouche
as ilusiós todas,
e por eso dices *«que è nicho teu peito
d'esperanzas mortas»?*
D'estonces, Carmela,
tés razón; compadézote... chora...
E-che así a humanidade d'ingrata,
á esmagar curazós sempre pronta;
e si â-s veces *vós* sodel-as víutimas,
outras veces á *nós* ser nos toca.
Ten pacencia. A sufrir esas mágoas...
¡non eres tí sola!


Habana, 1905.

FAISCAS

Mulleres... ¡díaño chas level!...
nos seus ollares parleiros
prometen o paradiso,
e logo... ¡dan-nos o inferno!...

O millor que Dios criou
as mulleres seica foron;
por eso eu as quero á todas,
pro o que é casarme... ¡un cornol!...

—¿Quéreste casar, rapaza?
—¿E lógo, n' hei de querer?
—Pois date presa, filliña;
busca con quen.



OS BICOS

—¿Dasm' un biquiño, prendiña?

—¿Un biquiño? Aínda é cedo
pra ch' o dar. ¡Estate quedol...

—Si m' o das, quédome aixiña.

N' un bico nada se pega
nin sinal deixa tampouco,
e cando se quere un pouco
un bico ninguén o nega.

Nin un bico é cousa grave,
y-o porveito pra tí é.

—¡Porveito pra min! ¿por qué?

—Porque sabrás como *sabe*.

—Xa o sei; falla non me fai
saber tal cousa de tí
pois dan-mos á eito.

—¿Sís?
¿e quén ch'os dá?

—Miña nai!

—Ah, pois sábénche distinto
os do amor, proba e verás.

—¡Bo latricador ti estás!...

—¿Dasm' o bico?...

—Ehi vai. ¡Qué sintol!...

—E logo, ¿non che gustou?

—Gustou, si, mais, non me esprico
que diaños ten o teu bico
que así á calma me roubou.

Nunca c'os de nai sentín
un efeuto tan extraño.

—Proba outra vez.


—¡Ora o diaño!
¿mais, que é o que pasa por mín?

—¡Miña rula! ¿non che pasan
os efeutos?

—¡Ay, meu mozo,

os de nai dában-me gozo
e os teus... o peito me abrasan.

—Xa ves que distintos son;
istes fan perder á calma...
¡Bico de nai chega á y-alma
y-o de noivo... ó curazón!




VEÑA O CASTIGO

A «FEFIÑA»...

Si ó amarte delinquín, meiga ruliña,
de mín non te condóas, díuta aixiña
pro meu delito a merecente pena.
¿Sabes cal é, feiticeiriña nena?
Pois dilinguín d'amor, todo o rigor
mostra d-a ley do amor,
e sin piedade, imponm'os feros lazos
de cadea perpetua... n-os teus brazos.

Por tan dulce cadea apreixonado
cubizo vivir sempre namorado,
do meu amor por tí facendo a historia,
por tal ventura á Dios as gracias dando
y-os teus beizos bicando,
porque n-eles está a suprema gloria...



RISAS OU BAGOAS

Vinde, vinde, rapaciñas,
vinde todas presto acá,
contareivos unha historia
que vos ha facer chorar.

*«Unha vez era un velliño
perseguido pol-o mal»...*

¿Que non conte historias tristes
porque as bágoas saír fán?

Pois d'estoncias, rapaciñas,
vinde, vinde, presto acá,
que vos hei contar un conto
e fareivos rír, ¡chegai!

*«Era un rapaciño trasgo,
tan trasguiño o tal rapaz»...*

¿Que tampouco o conto ledó
me queredes escoitar?


D'estoncias, nenas, ¿que é o que queredes?
¡malpocadiñas!
Contos e historias, risas ou bágoas,
¡eso é á vida!

PELOURAZOS

Si ruxen cartos n-o bolso
tén un amigos á centos;
pro, cando os cartos s'acaban,
¡fuxen que os levan os demos!

Cando un non-os nacesita,
moitos amigos se teñen;
pro, cando se acude á eles
¡mal díaño si un aparesce!

¡Amigos! ¿Hai-nos quizayes?
Eu non teño un pra un romedio;
pra me pedir tiven moitos,
pra me servir, ¡nin un teño!



AS OITO HORAS

(A meu querido amigo DR. LUIS CONDE VALVIS)

—¡Qué condenación de home! ¡Dios m'ampare!

¡érguete xa, larchan!

¡Olla que teñen fame os teus filliños!

¡olla que piden pan!

¡Olla que si ó traballo non t'apegas,

farta estou de o decir,

os cartos pra mercar o pan que piden,

non sei d'onde han sair!

Pra pagar xa non temos ó caseiro.

—Non lle pagues, muller.

—Que se morren de fame os nosos fillos.

Pois deixal-os morrer.

Xa cho dixen Sabel, son socialista
dend' o día que lin
as doutrinas do opreso proletario
no noso *boletín*.

¡Abaixo á esplotación y-a burguesía,
que nos fai tanto mal!
A xornada de *oito horas* ten que imporse,
¡viva a igualdá social!

Oito horas pra descanso e pra c'os fillos
o espíritu espelir;
oito, pra traballar; pra comer, oito;
e oito pra durmir.

—Pois traballa as tuas oito, ¡condenido!
que rabechar me fás.

—Eu as partes de oito horas vén ch'as fago,
e si non xa verás:


pra comer deixo (anque comer non teña)
oito horas, (cumpro a lei;)

oito durmo; oito folgo: vintecatro;
¡si n' está ben, non sei!...

—Y-as do traballo, enton, onde as deixache?

Fala, ¡langran! ¡baldreu!

—E si o día non ten outras oito horas,
¿qué culpa teño eu?



GRAUS MIUDOS

—Rapaces, voume casar,
son feliz, ¡quén-o diría!
pois atopei muller firme, n' o amor.

—Podes tua sorte loubar,
porque *n' esa lotería*
tocouche á tí cecais o premio môr.

*
* *

Pra xurar que me querías
andiveches ben á presa,
e pra deixarme por outro
inda fuches máis lixeira.

ALMA MIÑA ¿QUE TES?

¿Qué tés, alma miña,
miña alma, que tés?
¿por qué tan murchiña
te vés?

¿O' amor te entregache,
fiada n' o amor,
y-en troca atopache
delor?

¡Miña alma! ¿qué queres,
dorida alma miña?
¿fiache en mulleres?
¡probiña!

Amache, sí, moito,
non sabías, non,
que amor so da un froito:
¡treición!


¿Que atopas pr' as mágoas
n' as bágoas pracer?
¡Nin podo xa bágoas
verter!

¡Probiña miña alma,
que triste que estás!
¡xa nunca máis calma
terás!

Y-agora, probiña,
¿cal é o teu porvir?
¡sofrir, alma miña,
sofrir!

Amor hai un solo,
un solo amor hai;
o nado n' un colo
de nai.

Do espirtu as negruras,
da y-alma a delor,
so se poden sanar co'as dozuras
que, de nai, hai n' un bico de amor.



CANTIGA «ALLARIZ»

* *
* *

Duas cousas tén Allariz
que non-as hai en España,
as suas almendras de picos
y-as suas bonitas rapazas.

Do Arnoya as brisas
lédas e sanas
amores puros
fan inspirar,
por eso as nenas
alaricanas
son feiticeiras,
déixanse amar.



Non me mires, Consueliño,
con eses ollos qu'abrasan,
pois o fogo dos teus ollos
x'ô teño dentro da y-alma.


Non fuxas nena
ven ô meu lado
qu'eu xa d'amores
morrendo estou,
si non me queres,
por de contado,
vas ô inferno
sin remisión.

DECIA O GAITEIRO...

Rente de min de cote
veñen as mozas,
e porque eu lles toque algo
vólvense tolas.
A cousa é crara,
jeu pra elas teño sempre
disposta a gaita!

*
* *

Rapaza á quen lle eu toco
calquera cousa,
prendada do meu xeito
vólvese tola.
A cousa é crara,
¡ten pra *elas* mil encantos
á miña gaita!



OS REISES

—Ay, Xustiña ¿quén che deu
ises bonitos xuguetes?


—Olle, son os que onte à noite
me lle deixaron os Reises.

Y-a vostéde, tío Martiño,
¿deixáronlle algunha cousa?

—¿A min?...—Si; ¿que lle deixaron?

—Pois deixáron-me... por portas...

Que eso d'os Reises, é un trelo,
y-hai *Reises* que tran, filliña,
pr'algús lacazás.. *xuguetes*,
pra moitos probes... á ruina.



AS MIÑAS CANAS

Do leito hox'ó erguerme
mireime n'espello,
e brancas, branquiñas,
unhas canas vexo
saír temerosas
por entr'os cabelos
com'avergoñadas
de saír tan cedo,
pois veñen, de mozo,
tornarme n'un vello...

.
¡E' coma relocen os fíos de prata
que san temerosos por entr'os cabelos!

Non sei si ledicia
sentín, ou si medo,
ô verme de mozo
tornado n'un vello.
Non son estas canas
d'os anos o premio...
¡Non son, ay, un froito
que chega á seu tempo!...
'Canas tempraneiras
que angustiado vexo,
vós sondes as fillas
do enorme fatelo
de mágoas inmensas
de dóores secretos
que á-s costas d'a vida
derreándome levo;
por eso vos amo,
por eso vos quero
como queren as nais ó-s filliños
que ó paril-os máis dóores lle deron.
¡Branas folerpiñas
d'a neve do inverno
que o espirtu me tolle,

xelandom' o peito;
vós vindes, parleiras,
quebral-o secreto
que ocultei con finxidos sorrisos
por non dar que sorrir ó-s alleos!...

.
¡E' coma relocen os fios de prata
que san temerosos por entr' os cabelos!...

—
Vinde, canas,
vinde á éito,
fría neve
d' un inverno
que miñ' alma aterecida
ten fai tempo;
ir saindo, brancas canas
que pregoades sofrimentos,
ir saíndo
que o desexo,
pois á miña nai ouvínlle
decir sempre, —y-ha ser certo—
que quen sofre n' iste mundo,



cando morre.., ¡vai ó ceo!...

.
Vinde canas
vinde á éito,
pois si eisiste *íse ceo* que dicen,
ó morrer... ¡bén ganado ch'o levo!...

.
¡Xa teño canas!...
¡Gracias, espello!...
Ti a verdá contas,
ti eres sinceiro...
Inda son mozo...
¡xa son un vello!...

.
¡E' coma relocen os fíos de prata
que san temerosos por entr'os cabelos!...

O DE SEMPRE

A xente toda, d' entusiasmo chea,
berraba así, n-a praza d' unha aldea.

«—¡Viva o grande home! ¡¡Viva!! ¡Viva o sabio!
«¡Viva o poeta! ¡Viva a nosa gloria!
«¡Veciños, n' esquezamos sua memoria!
«¡Non fagamos ó insine tal agravio!—»
—¿A quen,—preguntei eu,—dan tantos vivas?
—A un morto.

—¿Qué me dí? ¿despois de morto,
berranlle ¡viva!? O caso ten-me ausorto.

—Estas honras son-lle honras... fuxitivas.
—Querer queren-o ben, cando s' inframan
d' un entusiasmo tal todos n' aldea.

¿De qué morreu?

—De fame, en terra allea,
botado á paus por estes que hox' o acraman.

Iste é-lle un conto vello, ó fin y-ó cabo,
é, com'aquel que dí,... «cebada ó rabo».


Ourense, Decro. 1908.

SER FELIZ...

Conezo algunha xente acomodada,
que todo lle sáí bén, qu' enxamais nada
lle faltou do perciso para a vida,
y-én vez de estarlle á sorte agradecida,
quèixase d' ela e creese disgraciada.

Conezo, en troca, xente disgraciada,
que en todo pol-o mal é perseguida
y-entre mil privaciós arrastra a vida,
sentirse da sua sorte malfadada,
satisfeita, felís... e agradecida.

N' iste mundo, á meu ver,
é tan solo felís quén sel-o quer.





LA CONDENA DE
"FUME DE PALLA"

Mi libro.—La prensa, los intelectuales, el público y el clero.—Gracias á todos.

* * *

He aquí un libro afortunadísimo y un autor que se considera sumamente feliz.

Dí á la stampa este modesto volumen en la plena seguridad de que caería en la más absoluta indiferencia pública; con el natural temor de quien, convencido de lo pobre y estéril de su obra, sólo espera en justo premio á tan insignificante labor el desdén general.

Mas, la diosa Fortuna, esa veleidosa y espléndida señora, (¡al fin ciega y loca!) tuvo el *caprichoso devaneo* de otorgar sus favores á FUME DE PALLA, prodigándole á *cuerno abierto* sus benéficos dones.

En efecto; apenas vió la luz FUME DE PALLA, casi toda la prensa de la región, y algunos periódicos ma-

drileños y catalanes, lo reciben amablemente y le dedican elogios altamente halagadores; personalidades tan ilustres en las letras y en las ciencias como los señores D. Manuel Murguía, D. Eduardo Pondal, don José R. Carracido, D. José Ojea, D. Miguel de Unamuno, D. J. Guerra Junqueiro, D. Enrique Labarta, D. Eloy Luis André, D. J. M. Espada, y otros muchos y distinguidísimos intelectuales, me honran sobremedera con cariñosas felicitaciones, frases laudatorias y juicios críticos pletóricos de entusiastas encomios y alentadores consejos; el público solicita con interés el libro y lo adquiere en gran número; y, para colmo de buena suerte, ocúrresele al señor Cardenal Arzobispo de Santiago de Compostela condenarlo y prohibir su lectura bajo pena de pecado mortal.

Excusado sería decir que dicha condena resultó una eficacísima propaganda para el libro y causa principalísima de que se agotase toda la edición en pocos días, dándose el caso curiosísimo—y de ello deben tomar buena nota los espíritus timoratos—de que, á partir de la fecha de la condena, el mayor número de ejemplares despachados han sido adquiridos... ¡por sacerdotes!

Declaro, pues, con la mayor sinceridad, que nunca pude esperar un éxito tan completo para mi pobre obra, y por ello, cumpliendo un rudimentario deber de gratitud y cortesía, hago aquí presente mi profundo reconocimiento hacia el público, la prensa y los distinguidos señores de que dejo hecha mención, por el favor y atenciones que se dignaron concederme, y, en particular, al Emmo. Cardenal-Arzobispo Dr. Martín de Herrera, que, al favorecerme con la condena de FUME DE PALLA, ha contribuido de eficaz modo á que se agotara rápidamente la *primera edición*, (de 2.000 ejemplares) y á que, cediendo á los apremios de importantes pedidos, haga esta *segunda edición*, más copiosa que la anterior, y que jamás creí verme en el caso de hacer.

Gracias muy expresivas á todos.

* * *

Otro motivo de satisfacción intensa me ha proporcionado la publicación de FUME DE PALLA.

La mayor parte de los periódicos y de los señores que me honraron con sus juicios del libro, hacen constar en sus amables apreciaciones, sobre el fondo y procedimientos de mi humilde labor, la gran influencia que en ella se nota del modo de ser poético de mi inolvidable amigo Curros Enríquez, del coloso de nuestro Parnaso, cuyo glorioso nombre perdurará á través de sucesivas generaciones y siglos en la memoria del pueblo gallego. Y el Cardenal-Arzbispo Herrera,—con deferente atención, que en el alma le agradezco,—ha querido establecer un punto más de contacto entre el inmortal autor de *Aires d'a miña terra* y mi modestísima personalidad, condenando mi pobre libro FUME DE PALLA, como en un tiempo fué condenado el gran libro del inmenso Curros. Y bien sabe Dios que solo siento,—en mi ambición por acercarme más y más al insigne maestro,—que no se le haya ocurrido la idea de envolverme también en un proceso judicial. Sin duda ha querido huirse de la posibilidad á que se repitiese el enorme ridículo. Lo deploro, porque mi éxito hubiera sido completo.

De todos modos, dentro de mi extremada pequeñez intelectual, me siento enorgullecido por el triunfo alcanzado, (que lo es indiscutiblemente para mí), pues las apreciaciones y hechos consignados son el timbre de honor más inapreciable de que puede ufanarse quien, como yo, es un incondicional admirador y un fervientísimo devoto del más grande poeta que tuvo Galicia: de Curros Enríquez.

* * *

En cuanto á la condena lanzada contra FUME DE PALLA,—y sin embargo del favor que con ella he recibido,—justo es que haga algunas observaciones oponiendo á la *censura* episcopal mi particular *censura*.

Hallábame en Madrid en Junio último cuando llegaron á mis manos algunos periódicos que reproducían del *Boletín Eclesiástico*, el siguiente

EDICTO

"JOSÉ, por la divina misericordia, de la Santa Iglesia Romana, Presbítero Cardenal Martín de Herrera y de la Iglesia, del título de Santa María in Traspontina, Arzobispo de Santiago de Compostela, Capellán Mayor de S. M., Juez Ordinario de su Real Capilla, Oasa y Corte, Notario Mayor del Reino de León, Caballero del Collar de la Real y distinguida Orden de Carlos III, Senador del Reino, del Consejo de S. M., etc., etc."

Hacemos saber: Que ha sido denunciado á Nuestra autoridad un folleto impreso este año en la ciudad de La Coruña, casa de Ferrer, cuyo título es FUME DE PALLA, colección de poesías gallegas publicada por D. Alfredo Nan de Allariz; y resultando de la censura del mismo, ordenada por Nos, que contiene proposiciones impías, blasfemas y heréticas, así como también se leen pasajes obscenos y corruptores de las costumbres; por el presente, en cumplimiento de Nuestro deber, condenamos dicho folleto, y prohibimos su lectura á todos nuestros diocesanos bajo la pena de pecado mortal.

EL CARDENAL ARZOBISPO.

Santiago, 26 de Junio de 1909. »

Confieso ingenuamente que ante su lectura sentí el alma henchida de orgullosa satisfacción. ¡Ahí es nada ser objeto de distinción tan honrosa por parte de un señor de tantas campanillas!

Pero ello no obsta para que yo manifieste que el Emmo. Sr. Cardenal-Arzobispo estuvo muy poco acertado al lanzar tal condenación, demostrando escaso tacto en tan delicado asunto y acreditando un absoluto desconocimiento del Derecho Canónico, lo cual es bastante lamentable en un príncipe de la iglesia.

Y no necesito yo molestarme en aducir pruebas en

pro de esta afirmación mía. Véase lo que dice sobre el caso el distinguido escritor católico y competente canonista D. Hermenegildo Calvelo, en un artículo publicado en el *Diario de Pontevedra* del día 22 del corriente:

“Contiene el libro *“proposiciones impías, blasfemias, heréticas, y pasajes obscenos y corruptores de las costumbres”*, según se hace constar en el edicto condenatorio. A heridas tan gangrenosas no se aplica otro cauterio que el de prohibir la lectura del libro á los fieles de la diócesis de Santiago, bajo pena de pecado mortal.

“Ni al autor, ni á los que retengan, oigan leer, impriman y vendan el libro, alcanza la Censura, á pesar de que es *latae á jure*.

“Hay, por consiguiente, en la *Censura*, algo que no puede ajustarse á las prescripciones del derecho.

“Lo blasfemo, impío, herético, obsceno y corruptor, es, por su esencia, materia de pecado.

“La declaración episcopal de la prohibición *latae á jure*, sin incluir pena determinada, ya que los Obispos no pueden imponerla sino en el territorio de su jurisdicción, parece que se conformaría mejor al derecho canónico. Todos los fieles, perteneciesen ó no á la diócesis de Santiago, sabrían que no podían leer FUME DE PALLA sin incurrir en pecado gravísimo, y el autor sentiría el peso de la excomunión *latae sententiae* de las reservadas *simpliciter* á S. S., en cuya excomunión incurren los que “enseñan ó defienden, ya en público ya en privado proposiciones condenadas por la Sede Apostólica.

“El santo Concilio de Trento en la sesión 25, capítulo 3.º *De Reformatione* dispone que las censuras deben aplicarse *sobrie*, con sobriedad, “*cum experientia doceat, si temere aut levius incutiatur, magis contemni quam formidari, et perniciem potius parare, quam salutem.*”

“Supone, pues, el derecho, y lo reconocen canonistas y moralistas, la posibilidad de censuras impruden-

tes é ilícitas, censuras que, como dice el Concilio "la experiencia enseña, más inspiran desprecio que temor, y disponen mejor á la perdición que á la salvación."

"La sobriedad de que habla el Tridentino exigía que la autoridad episcopal se dirigiera al autor exigiéndole en la forma que prescribe el derecho, la retractación de errores y la supresión en el libro de todos los pasajes merecedores de censura y pena."

Los párrafos entrecomillados que anteceden—y otros que no reproduzco—pertenecen al artículo del ex-director de *La Voz de Vigo*, Sr. Calvelo, notable escritor católico.

El zurriagazo para el señor Arzobispo es de los que hacen roncha.

Y prueba plenamente que S. Em. ha obrado con ligereza, poco tacto y desconocimiento del Derecho Canónico.

Demostremoslo más claramente.

Según prescribe y recomienda el Derecho Canónico, el señor cardenal arzobispo antes de lanzar su condena debió haberse dirigido á mí por tres veces pidiéndome "retractación de errores y ordenándome la supresión de los pasajes pecaminosos que contiene el libro." Pero el señor arzobispo no me ha dirigido admonición alguna ni se ha dignado indicar cuales son las composiciones merecedoras de pena.

También aconseja el Derecho Canónico, en relación con el Concilio de Trento, que las censuras, condenas ó excomuniones, solo deben aplicarse cuando con ellas se crea evitar un mal y se beneficie la iglesia católica ó la Religión, procediendo siempre con *sobriedad*, con tacto, "ya que la experiencia enseña que hay censuras que más inspiran desprecio que temor y disponen mejor á la perdición que á la salvación."

¿Cómo se ha procedido en este caso?

Atropelladamente, sin tacto, con imprudencia.

¿Se ha beneficiada la iglesia ó la Religión? ¿se ha evitado el mal?

Nada de eso. Se ha beneficiado al autor, con el aumento considerable de la venta de ejemplares, resul-

tando la condena contraproducente, pues al circular el libro con mayor profusión y multiplicarse el número de los lectores, no se evita el mal, cunde la perdición, y por lo tanto, la censura más ha inspirado desprecio que temor...

Además, el libro contiene, según la censura, "*proposiciones impías, blasfemias, heréticas, y pasajes obscenos y corruptores de las costumbres*", y, por consiguiente, incluido en el número 2 del título I, capítulo I de los *Decretos generales* sobre prohibición de libros, y yo como autor incurso de lleno en la excomunión *latae sententiae* de las reservadas *simpliciter* á S. Santidad.

¿Qué correspondía hacer en el caso al señor arzobispo?

Simplemente la declaratoria de la prohibición *latae á jure*, según la ley, para conocimiento de todos los católicos, y así no cometería el dislate de condenar y penar en su diócesis lo que ya está condenado y penado para todo el orbe católico por el Derecho, pues, según su edicto condenatorio, solamente incurren en pena los lectores que pertenezcan á la archidiócesis de Santiago, mientras que fuera de ella puede ser leído por todo el mundo sin incurrir en pecado.

¿No acredita todo esto un desconocimiento lamentable de las leyes canónicas por parte del cardenal Sr. Martín de Herrera?

El Sr. Calvelo termina el artículo de referencia con el siguiente sustancioso párrafo:

"La autoridad de los Obispos es siempre paternal y cuando se trata de la imposición de penas que no tienen carácter expiatorio sino medicinal y de corrección, debe agotar todos los recursos de la bondad y de la caridad."

Así debía de ser, si observasen religiosamente, como debían, las sagradas doctrinas de amor y de piedad que predicó el glorioso Martir del Gólgota, pero...

Repásense las páginas de la Historia desde los pri-

meros siglos del cristianismo hasta la reciente y horrible tragedia de Osera,—pasando por Galileo, Juana de Arco, Zapata y miles y miles de mártires,—y solo motivo de horror se encontrarán ante la evocación de hechos espantosos consumados con toda injusticia y crueldad por los que se dicen representantes en la tierra de un Dios infinitamente justo, bondadoso, caritativo...

El Tribunal Eclesiástico de Reims condenó á Juana de Arco al suplicio de la hoguera, acusándola de bruja y hechicera, y hoy, cuando el Estado de Francia rompe relaciones con la Iglesia católica y expulsa á las Asociaciones religiosas de su territorio, Juana de Arco, es declarada mártir y canonizada por la Iglesia.

¡Qué significativo y oportuno es este halago á los sentimientos del pueblo francés, que ve santificada su venerada heroína!

¡Y cómo cambian los tiempos!

¿Qué razones aduce en apoyo de este hecho el clero actual? Pues que el Tribunal de Reims... ¡se había *equivocado*! ¡Y tan frescos!

¡Oh, bondadosos y paternales representantes de Cristo!...

* * *

No *divaguemos*, y vengamos,—digresiones aparte,—á lo que á mí afecta.

Vaya para final una nota, también significativa en alto grado.

Un bondadoso sacerdote, elevada dignidad de la iglesia, con cuya amistad me honro, en cariñosa carta me dice:

“Hay en FUME DE PALLA algunos conceptos graves ciertamente. Pero yo leo á los hombres entre líneas, y en vez de un *diablo renegado*, como V. se llama humorísticamente, creí ver un espíritu verdadero, que siente, es franco y sincero, y expresa los conceptos como *protesta viril de almas que no se avienen con la hipocresía ambiente de TODAS LAS CLASES SOCIALES*.”

¡Qué distinto modo de juzgarme!


Pues ya ve mi querido y admirado amigo, cómo han sido premiadas mis protestas contra la hipocresía ambiente *de todas las clases sociales*; con una condena arzobispal.


No creí, en verdad, merecer tal distinción. La agradezco, y con el gran Curros Enríquez, exclamo:

“¿Que estou excomulgado? Millor, ¡ea!
quen hoxe non-o estea,
non merece d'a patria acatamento!


A. Nan de Allariz.

Septiembre, 1909.





Í N D E C E



PÁGINAS

ADICACIÓN	VII
FUME DE PALLA.	XI
O sono do emigrado.	19
¿Que foi do poeta?...	23
O apagador	29
N'a doutrina.	31
Mágoas	33
N'a ventana	35
Areíñas	39
¡Toca á rebato!	41
A mazá bíblica	45
Cartas d'a terra.	47
Folerpiñas	53
A Lamas Carvajal	55
Ortigas	59
¡Mal pocadol.	61
¿Ateo?...	63

PÁGINAS

Harrípios.	67
O novo pazo	69
O noveno.	73
Bagoñas	75
O amor do gaitero	77
Un de tantos...	79
A primeira pedra.	81
Muxicas	83
O día de Santiago	85
¡Fíate!...	99
Xugando ó bugallo	101
Croyños	103
A gaita gallega	105
A alma n' os ollos	109
Adiviñanza	111
A Mercediñas C. Chané.	115
A Doloriñas C. Chané	117
Un novo Santiago	119
Granizo	125
¡Lonxe!...	127
N' a praza.	133
Noite fría.	135
Duas grorias.	139
O acieiro.	141
Fiunchiños	147
Lús redentora	149
Postal.	153
Salayos	155
¿Qué tés?...	157
Faixas	159

	<u>PÁGINAS</u>
Os bicos	161
Veña o castigo	165
Risas ou bágoas	167
Pelourazos	169
As oito horas	171
Graus miudos	175
Alma miña ¿qué tés?...	177
Cántiga	181
Decía o gaiteiro...	183
Os Reises.	185
As miñas canas	187
O de sempre	191
Ser feliz...	193
La Condena de FUME DE PALLA	195



OBRAS DE NAN DE ALLARIZ

EN PREPARACION:

De Xerusalem á Roma
ou
Comentarios ó-s Evanxellos

POEMA DIVIDIDO EN DUAS PARTES

PARTE PRIMERA

XERUSALEM.—Cristo y -os seus discipulos.
As suas doutrinas.

PARTE SEGUNDA


ROMA.—O Papa y-o clero.—As doutrinas
d'a igrisia católica

EN PRENSA:

REIVINDICACIÓN

(FOLLETO EN CASTELLANO)

Defensa del poeta Curros Enríquez,
como hombre de ideas



OBRAS GALLEGAS DO MESMO AUTOR

Fume de palla, colección de versos.
Ortigas, prosa. (En preparación).
De Xerusalén á Roma, poema. (Idem).

OBRAS TEATRALES

Loitas da y-alma, cuadro dramático en verso.
Foiche boa festa, monólogo en verso.
Recordos d'un vello gaiteiro, monólogo en verso.
Airiños!... levaime á ela!..., boceto cómico dramático.
O zoqueiro de Vilaboa, boceto de zarzuela.
O vello y-ó sapo, monólogo en verso, (inspirado n'o *Nocturno*, de Curros Enríquez), inédito.



REAL

G

A

JUAN
DE
ELLAR

FULL

de

SALL

IL ACADEMIA
SALEGA
CORUÑA

215

Biblioteca